

Concello de Viveiro

EXPTE.- 623/2025

RESULTADOS PRIMEIRO EXERCICIO COMO CONSECUCENCIA DA RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN.

RESULTADOS DO PRIMEIRO EXERCICIO CORRESPONDENTE Á PROBA LEVADA A CABO O 11 DE SETEBMRO DE 2025 POLO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT TÉCNICO/A DE CONTRATACIÓN (SX1.1/005) NA ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, COMO CONSECUCENCIA DA RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA DE CONFORMIDADE CO PRAZO DE ALEGACIÓNS OUTORGADO POR ESTE TRIBUNAL.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 17 de febreiro de 2025, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 13 de febreiro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT Técnico/a de Contratación (SX1.1/005) na Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do 26 de febreiro de 2025, publícase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2024).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 07 de xaneiro de 2025, Núm. 6, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT administrativo (SX1.0/004) na Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT Técnico/a de Contratación (SX1.1/005) na Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 15 de xullo de 2025 publicada no taboleiro de edictos dixital.

Realizado o primeiro exercicio da fase de oposición o 11 de setembro de 2025.

Resultando que en data 12 de setembro de 2025 publícase, no taboleiro de anuncios dixital do Concello de Viveiro, no Taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro e na paxina web, o resultado do primeiro exercicio correspondente á proba levada a cabo as 09:00 horas do 11 de setembro de 2025 polo Tribunal do proceso selectivo para a provision en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT Técnico/a de Contratación (SX1.1/005).

Visto que en dita publicación se indicou por este Tribunal que os aspirantes dispoñían dun prazo de alegacións aos resultados deste primeiro exercicio de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación do resultado da apertura das tarxetas de control identificativas no taboleiro de anuncios dixital, sendo o prazo de alegacións os días 16 e 17 de setembro de 2025.

Visto que consta presentada a seguinte alegación:

- Alegación presentada por parte do aspirante D. Michael Padin Bello en relación coa pregunta 63, solicitando, en resumo, o seguinte:

que expón a revisión da plantilla do primer exame de Técnico/a de Contratación (SX1.1/005), solicitando que a pregunta 63 sexa declarada nula e se acuda á pregunta de reserva. O motivo e que dan por resposta válida a a), cando ningunha das 4 encaixa na redacción do artigo 118 da lei 9/2017 de contratos do sector público. En concreto a resposta a) dice “siempre” cando o apartado 5 do mencionado artigo establece unha excepción. Excepción que non aparece como ningunha das opcións indicadas, polo que solicita a nulidade da mesma.

Os membros do Tribunal proceden á resolver a alegación presentada, con base no seguinte:

Analizada a pregunta referida determina que a pregunta 63 se atopa correctamente formulada. Non se comparte a alegación presentada, posto que claramente a resposta correcta é a a), tal e como se estableceu, sen que dea lugar a equívocos como suxire o aspirante que presenta a alegación obxecto de análise. A resposta a) alude a que nos contratos menores é necesario que conste no



Concello de Viveiro

expediente a xustificación da necesidade do contrato sempre, conforme ao disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. Non se fai referencia nesta resposta a un apartado concreto do referido artigo, polo tanto engloba a regra xeral e as excepcións que o propio artigo contemple, cunha remisión global ao referido artigo. En consecuencia considérase que procede a desestimación da alegación formulada, acordándose polos membros do Tribunal, por unanimidade, non aceptar a alegación formulada por D. Michael Padin Bello, e polo tanto este Tribunal ratifica os resultados do 1º exercicio da fase de oposición publicadas o día 12 de setembro de 2025, no taboleiro de anuncios dixital.

Con base na resolución da alegación presentada, **as puntuacións acadadas por cada un dos aspirantes neste primeiro exercicio, non varían.**

En Viveiro, á data que consta á marxe.

A Presidenta,

Dña . María Luz Balsa Rábade

Os/as vogais,

Dña. M.ª Dolores Cociña Cabanas

Colaboradora

Dña. María Carmen Riveira Martínez

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

O Secretario,

D. Javier Balseiro Fernández

Dña. Begoña Teijeiro Campo

